



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARIÑO

Bases Concilia Cariño verán 2023

A efectos de xeral coñecemento, faise público que mediante Decreto Alcaldía de data 09/06/2023 apróbanse as **BASES DA SELECCIÓN DO CAMPAMENTO CONCILIA CARIÑO VERÁN 2023 (EXPDTE 2023/SO12/000001)**, que se transcriben literalmente a continuación:

1. OBXECTO:

O obxecto das presentes bases consistirá en establecer as pautas para a selección da poboación destinataria do presente programa.

2. PERSOAS DESTINATARIAS:

A poboación destinataria é a infancia do Concello de Cariño e Concellos limítrofes, con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos (ámbolos incluídos) matriculados en Educación Infantil, Primaria e Secundaria.

3. LUGAR E PERÍODO DE REALIZACIÓN:

O campamento desenvolverase no CEIP Manuel Fraga Iribarne entre os **días 3 de xullo e 1 de setembro, por semanas**. O horario será de 10 a 14 horas, de luns a venres. Ofertarase un servizo de acollida entre as 9.30 e as 10 da mañá e de recollida de 14 a 14.30 horas.

4. PRAZAS OFERTADAS:

O campamento Concilia Cariño oferta 46 prazas semanais para os nenos e nenas que cumpran os requisitos de admisión. Este número de prazas poderá sufrir axustes segundo a normativa establecida polas autoridades sanitarias debido á situación actual provocada pola Covid-19.

Resérvanse 2 prazas para nenos e nenas con discapacidade igual ou superior ó 33%. A asignación destas prazas realizarase a través dun informe técnico dos servizos sociais tendo en conta os beneficios vinculados ó feito de participar nas actividades que se van a desenvolver. A discapacidade deberá acreditarse co certificado de discapacidade emitido polo órgano competente.

No suposto de que as prazas reservadas non se cubran, éstas pasarán a acumularse ó resto das prazas.

5. PRAZO DE SOLICITUDE:

O prazo de presentación de solicitudes será do **5 días hábiles dende a aprobación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia**.

As solicitudes deberán ser asinadas polo pai, nai ou titor legal do menor e presentaránse no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. De presentarse a solicitude no Rexistro do Concello **de xeito presencial** debe solicitarse **cita previa**.

No suposto de que, transcorrido o prazo de presentación de solicitudes e unha vez publicada a listaxe de admitidos definitiva, continuaran quedando prazas sen cubrir, calquera interesado que cumpra co requisito relativo á idade de participación e presente a documentación requirida nas presentes bases, poderá solicitar a participación nas actividades de campamento.

Neste último caso, a admisión se realizará atendendo á orde de presentación de solicitudes ata cubrir o número total de prazas ofertadas. Consideraránse admitidos todos aqueles que cumprindo o requisito da idade, acheguen a documentación necesaria e aboan as taxas.

6. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN:

a) Os/as participantes no campamento deberán ter entre 3 e 16 anos, ámbolos dous incluídos, e estar matriculados en educación Infantil, Primaria ou Secundaria.

b) Terán preferencia os/as menores empadroados no concello de Cariño.

c) No caso de que, atendidas as solicitudes que cumpran o requisito anterior, quedaran prazas vacantes, terán preferencia os/as menores cuxos pais, nais ou representantes legais cos que convivan e teñan a obriga do seu coidado, traballen no termo municipal do concello de Cariño e así o acrediten.

d) Atendidos os criterios anteriores de preferencia, se persiste a existencia de prazas vacantes, queda aberta a participación ás actividades do campamento a calquera que presente solicitude e cumpra os requisitos das presentes bases, atendendo ó orde de presentación da instancia.

7. CRITERIOS DE SELECCIÓN:

a) Respectando as preferencias a que fan referencia as letras b) e c) do punto 6, en primeiro lugar seleccionárase aos nenos e nenas daquelas unidades familiares nas que ambos proxenitores teñan vixente unha relación laboral en horario de mañá, acreditando esa circunstancia no prazo de presentación de instancias, ou estean realizando un curso do plan de formación en horario de mañá impartido dentro da formación para persoas desempregadas das distintas administracións públicas. No caso de non acreditarse debidamente entenderase que non se atopan en ningunha destas circunstancias.

No suposto de separación, divorcio ou familias monoparentais atenderase a que este requisito se cumpra respecto do proxenitor que se atope a cargo do/a menor.

b) De contar con máis solicitudes que cumpran este criterio que prazas vacantes, a selección farase seguindo a orde de inscrición, sempre respectando as preferencias anteriores, isto é: da totalidade de participantes que sexan menores empadroados en Cariño en primeiro lugar e só de quedar prazas vacantes, os menores de proxenitores que traballen en Cariño.

c) De resultaren prazas vacantes, unha vez adoptados estes criterios, os restantes participantes no campamento seleccionáranse por rigorosa orde de presentación das instancias.

d) Unha vez cubertas o máximo de prazas ofertadas, o resto de aspirantes pasarán á lista de agarda. A orde dos aspirantes na lista de agarda virá determinada pola orde de inscrición.

e) Os participantes perderán o seu dereito á praza no campamento no suposto de contar con máis de tres faltas sen xustificar. A xustificación deberá realizarse ante a empresa encargada do servizo.

8.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

- Solicitude asinada
- Fotocopia dos DNI das persoas autorizadas para a entrega e recollida
- Fotocopia do DNI do/a menor
- Fotocopia da tarxeta sanitaria do/a menor
- Fotocopia do libro de familia ou número de rexistro dixital
- No caso de ter certificado de discapacidade, copia do mesmo
- Documento acreditativo da situación laboral ou de estar realizando formación regrada para o emprego (cabeceira da nómina, xustificante pago autónomos, vida laboral, etc...). Para acreditar a situación descrita no punto 7,a); presentárase declaración responsable acreditativa na que se indique o horario laboral de ambos proxenitores.
- No caso de separación/divorcio entre os pais, copia da mesma para acreditar o réxime de custodia.
- Certificado ou informe do empregador acreditativo de que alomenos un dos proxenitores está traballando en Cariño ou declaración responsable. (No caso de atoparse nalgunha das situacións descritas no punto 6).

A comprobación do empadramento no Concello de Cariño farase de oficio polos servizos municipais, excepto que non se autorice esta, en cuxo caso deberá acompañarse á solicitude.

9.-TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES

A comprobación dos requisitos e do cumprimento dos criterios de selección realizarase polos Servizos Sociais do Concello de Cariño.

10.- LISTADO DE ASPIRANTES ADMITIDOS E EXCLUÍDOS

a) Comprobado o cumprimento dos requisitos das persoas solicitantes, elaborárase unha lista de admitidos e excluídos, indicando o motivo da exclusión.

b) Este listado publicarase no taboleiro de anuncios electrónico e concederáse un prazo de 2 días hábiles para subsanación ou presentación de alegacións.

c) Transcorrido o prazo anterior, resolverase a listaxe definitiva de admitidos e publicarase do mesmo xeito.

d) Os solicitantes que aparezan na lista definitiva de admitidos que se publicará no taboleiro electrónico do concello, disporán de 3 días hábiles a contar dende o día seguinte a dita publicación para realizar o pagamento na conta bancaria do concello.

11.- PREZO PÚBLICO.

En virtude de acordo da Xunta de Goberno Local de data 21/02/2023, establécese o prezo público pola prestación do servizo da actividade de campamento Concilia Cariño Verán 2023, que se realizará no Concello os días 3 de xullo e 1 de setembro de 2023.

O feito do que deriva a obriga do pagamento é a asistencia dun menor ao citado campamento, e os suxeitos pasivos do prezo público son os pais/nais ou titores legais. O prezo por asistencia ao Campamento, **por cada semana**, é de: **1º membro da unidade familiar: 20 €**, **2º membro da unidade familiar: 15 €**, **3º e seguintes membros da unidade familiar: 12 €**.

O Alcalde.- José M. Alonso Pumar

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

ANEXO I : SOLICITUDE PARA O CAMPAMENTO CONCILIA CARIÑO VERÁN 2023**1. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE (Datos válidos para a autorización na recollida dos/as nenos/as)**

Nome e apelidos: _____ DNI: _____

Enderezo: _____

Localidade: _____ C.P: _____

Teléfonos de contacto: _____

TeléfonosUrxencia: _____/_____

Correo electrónico: _____

 Declaro que a unidade familiar á que pertenzo ten ingresos non superiores ó 6.5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples 2020 (IPREM) Autorizo ó Concello de Cariño a consultar os meus datos do padrón municipal.**PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE** Semana do 3 ao 7 de xullo Semana do 10 ao 14 de xullo Semana do 17 ao 21 de xullo Semana do 24 ao 28 de xullo Semana do 31 xullo ao 4 de agosto Semana do 7 ao 11 de agosto Semana do 14 ao 18 de agosto Semana do 21 ao 25 de agosto Semana do 28 de agosto ao 1 de setembro**HORARIO****ENTRADA:** 09.30 10.00**RECOLLIDA:** 14.00 14.30**2. DATOS DA/O NENA/O PARTICIPANTE:**

Nome e apelidos: _____

DNI: _____ Data de Nacemento: _____

Está empadroadado neste concello? SI NonTen algún irmán/irmá na actividade? SI Non Nome: _____**3. CUESTIONARIO MÉDICO – SANITARIO****Nº da Seguridade Social:****Médica/o de referencia:**

· ¿A/o nena/o ten algún tipo de alerxia?

 SI ¿Cal? _____ NON

· ¿Ten algunha enfermidade que precise dalgún coidado especial?

 SI ¿Cal? _____ NON

· ¿Necesita tomar algún medicamento periodicamente?

 SI ¿Cal? _____ NON

- ¿Padece algunha enfermidade infectocontaxiosa?

SI ¿Cal? _____

NON

- ¿Ten algunha limitación fisiolóxica ou funcional?

SI ¿Cal? _____

NON

- ¿Require algunha dieta alimenticia especial?

4. PERSOAS AUTORIZADAS PARA A RECOLLIDA DA/O PARTICIPANTE (achegar fotocopia dos DNI):

Nome e Apelidos: _____ DNI: _____

Nome e Apelidos: _____ DNI: _____

Nome e Apelidos: _____ DNI: _____

OUTROS ASPECTOS QUE DESEXE SINALAR A FAMILIA:

5. NORMAS DE FUNCIONAMENTO E OBSERVACIÓNS:

- Deberase comunicar á persoa responsable da actividade os cambios que poidan figurar nos datos da súa ficha de inscrición.
- A **Cota de inscrición semanal** será de **20€** para o primeiro membro, **15€** para o segundo membro e **12€** para os restantes membros.
- Pregárase puntualidade na entrega e recollida das nenas e nenos. Solicitarase o DNI, de persoa autorizada, para a recollida dos nenos e nenas.
- Perderán o seu dereito á praza no campamento no suposto de contar con máis de tres faltas sen xustificar. A xustificación deberá realizarse ante a empresa encargada do servizo.
- Os monitores **non poden** acompañar os nenos de maneira individual fora do recinto, sendo os pais, nais ou titores os encargados dos seus desprazamentos.
- Recoméndase vestimenta cómoda, axeitada e fácil de lavar para as actividades que se ofertan; así como de levar unha mascarilla nova cada día e outra de reposto.
- Lémbrese ós participantes que traian unha pequena merenda ademais dunha botella de auga.

Como representante legal do/a menor arriba indicado, declaro baixo a miña responsabilidade que os datos sinalados nesta ficha son certos.

A formalización da inscrición implica a aceptación explícita das normas que rexen esta actividade e os cambios que poidan xurdir por razóns técnicas ou organizativas debidamente xustificadas.

Cariño, a _____ de _____ de 2023

Sinatura da persoa solicitante:

6. AUTORIZACIÓNS:

Eu _____, co DNI _____, pai, nai, titor/a legal de _____

Autorizacións dereitos de imaxe:

Autorizo ó Concello de Cariño á publicación de datos e/ou da imaxe da miña filla ou fillo, realizada durante actividades municipais, coa finalidade de dar difusión ás mesmas en:

- Páxina web e redes sociais do Concello.
- Filmacións (en calquera tipo de soporte) destinadas á difusión das actividades e proxectos educativos e lúdicos, revistas, exposicións ou publicacións nas que participe o Concello.

Todo o anterior estará suxeito, exclusivamente a un uso educativo e lúdico, polo tanto, as accións, produtos e utilidades derivadas da súa utilización non poderán, en consecuencia, xerar ningún tipo de lucro persoal nin comercial.

SI NON

- Autorización saídas:** Autorizo o meu fillo/a inscrito/a nos campamentos do concello de Cariño, /a a realizar diferentes actividades lúdicas fora do recinto escolar, dentro do servizo de CAMPAMENTOS CONCILIA CARIÑO VERÁN 2023, do Concello de Cariño.

Cariño, a _____ de _____ de 2023.

Sinatura da persoa solicitante:

CARIÑO 9 DE XUÑO DE 2023

O ALCALDE EN FUNCIÓNS

JOSÉ M. ALONSO PUMAR

2023/4648